



MISA CON NENOS

22 de outubro 2023

ORDINARIO 29º-A-DOMUND

Mateo 22, 15-21: "Dade ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus".

Mensaxe: O Evanxeo funciona con Amor, non con diñeiro



El Evangelio funciona con Amor y no con dinero

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Cada domingo achegámonos á comunidade parroquial para atoparnos con Xesús, facer festa e escoitar a súa Palabra. Todos os que nos reunimos aquí cada domingo tratamos logo de ser mellores cidadáns, colaborando con todos e construíndo un mundo de irmáns. Neste domingo do DOMUND queremos lembrar o desexo de Xesús de que todos o coñezan e o sigan. O lema deste domingo é **"Os misioneiros: corazóns ardentes, pés en camiño"**. Que na eucaristía Xesús quente os nosos corazóns para poñernos en camiño, sendo misioneiros.

(Pódese mostrar o cartel do Domund coa seu lema: "Corazóns ardentes, pés en camiño", un corazón e unhas sandalias e unha hucha ou cesta onde imos compartir o diñeiro que compartamos).



SAÚDO: No nome do Pai... **A graza e a paz Cristo que a través dos misioneiros chega a todos os recunchos do mundo, estea convosco.**

2. PERDÓN

Recoñezamos con humildade os nosos pecados:

- Ti, que segues chamando para anunciar a mensaxe do amor de Dios. Señor, ten piedade de nós.
- Ti, que necesitas misioneiros valentes que enchan o mundo de amor e de Dios. **Cristo, ten piedade de nós.**
- Ti, que nos queres amigos de Dios e construtores dun mundo mellor. **Señor, ten piedade de nós.**

3. PALABRA DE DEUS

Nas lecturas deste domingo se debate entre o que é do César e o que é de Deus. Os que formamos a Igrexa temos un gran papel en contribuír á mellora do mundo, á xustiza e fraternidade entre os pobos, porque a nosa misión é levar o Amor de Deus a todos os recunchos do mundo.

4. PETICIÓNS

*Abramos confiados o noso corazón a Deus, para presentar as necesidades da Igrexa e do mundo. Digamos: **Aquí estou, Señor, envíame.***

- 1.-Polo papa Francisco e os bispos, para que fomenten unha Igrexa fraterna, alegre e misioneira. *Oremos.*
- 2.-Por todos os misioneiros e misioneiras que por amor a Xesús entregan a súa vida aos demais, para que sexan para todos un exemplo e axúdenos a ser máis solidarios. *Oremos.*

- 3.-Polos que non cren en Cristo, para que co noso testemuño sereno e gozoso atopen motivos para crer, esperar e amar. *Oremos.*
- 4.-Polos mozos da nosa comunidade, para que tamén eles escoiten a vocación misioneira. *Oremos.*
- 5.-Por nós, para que coa nosa oración e solidariedade apoiemos aos misioneiros na bela tarefa de contaxiar a alegría do Evanxeo e o Amor de Dios. *Oremos.*
- 6.-Polos países en guerra, por Israel e Palestina, polos que sofren o odio, a violencia... para que atopen camiños de paz. *Oremos.*
- Escoita, Pai, as nosas oracións e que teñamos a valentía de anunciar sempre a Xesús entre os nosos amigos e familia. Por XCNS..*

5. OFRENDAS con 3 carteis que elaboramos a partir do lema do Domund:

- **1º: UN CORAZÓN** onde anotamos quen, quen ou que fai acender o noso corazón e explicámolo.
- **2º: Silueta de DOUS PÉS** onde anotamos como nos poñemos en camiño, que cousas facemos impulsados polo corazón ardente e explicámolo.
- **3º: O CARTEL DO DOMUND** explicando quen arde no seu corazón e como poñen eles os seus pés en camiño.
- **HUCHA Ou COLECTA DO DOMUND E O PAN E O VIÑO:**



Hoxe ofrecémosche co pan e o viño a nosa oración polos misioneiros, o noso compromiso de evanxelizar e algún diñeiro. Pero sobre todo queremos ofrecerche o esforzo de todos os misioneiros dos que nós queremos ser respaldo, apoio, pois eles van poñendo o Amor de Dios no noso mundo.

6. ORACIÓN DO DOMUND 2023-10-17

Oración do Domund 2203

Señor, neste mundo de corazóns
apagados,
ollos que se pechan e pés que se
arrastran,
acende, abre, move a nosa vida!
Prende unha vez máis a túa chama no
nosó corazón,
lava e despega os nosos ollos, fai que o
mundo
quede pequeno baixo os nosos pés.
Volve saír ao noso encontro, para
que,
contigo e polo teu amor, sexamos misión
que acenda,
abra, mova a vida dos demais,
como ti fas coa nosa. Amén.

Hoy quiero, Señor, ponerlo todo en tu presencia.
Darne hasta gastarme contigo y por ti.
Hoy quiero, Señor, ponerlo todo ante tu puerta
para en todo amarte y servir.

Enciéndeme y déjame arder donde haga falta.
Enciéndeme y déjame ser tu luz
y así poder llevarte hasta todas las almas,
saciar la sed que tienes tú desde la cruz.

Hoy quisiera, Madre, poner todo en tu presencia.
Darne hasta gastarme, decirle que sí.
Hoy te pido, Madre, que dejes mi puerta abierta
para en todo amarle y servir.

Enciéndeme y déjame arder donde haga falta.
Enciéndeme y déjame ser tu luz
y así poder llevarte hasta todas las almas,
saciar la sed que tienes tú desde la cruz.

Enciéndeme y déjame arder donde haga falta.
Enciéndeme y déjame ser tu luz
y así poder llevarte hasta todas las almas,
saciar la sed que tienes tú desde la cruz.

